



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

Séntome unha vez máis diante do ordenador, coa vida na mente e nas mans, para compartir como persoa crente cos lectores e lectoras desta nosa revista algo da fermosura ou negrura deste noso mundo; sempre, iso si, coa intención, co desexo de non sucumbir e desesperar ante o negativo, aínda poñéndoo en evidencia, e de deixarnos arrolar pola forza do positivo, para sermos deste xeito espazo de esperanza a pesar de todo.

1.- Na cultura do diálogo

A mofa, a chacota tomaron moitos no seu momento aquel tímido intento do expresidente Rodríguez Zapatero de potenciar o «diálogo das civilizacións». Pois o Papa Francisco, como non podía ser doutra maneira, ante o tremendo espectáculo diario que a nivel internacional estamos ofrecendo, aposta tamén polo diálogo. E como o seu

homónimo Francisco de Asís, do que colleu nome e conviccións, decidiu ir desarmado, en son de paz, a un dos focos da violencia, para dar bicos, apertas e palabras, para estreitar mans e corazóns, para rezar en unión, e contribuír así a reparar fendas e a cultivar o soño dunhas relacións internacionais pacíficas. É posible que os poderosos non llo agradezan; á fin, cada vez parece estar máis claro que é nun clima de violencia onde o poder asenta mellor os seus reais, a súa desvergonza, o seu aproveitamento abusivo. Pero si que llo poderá agradecer a masa sen nome da xente excluída que é, en definitiva, a que máis machucada queda despois de calquera acto violento.

Foron os días 28 e 29 de abril os que o Papa pasou en Exipto; unha viaxe perigosa, á que Francisco non quixo renunciar. Era moito o que estaba en xogo, máxime despois dos atroces